

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE
O DÍA 5 DE XUÑO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de xuño de dous mil dezasete; as dez da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza. Non asiste Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario do Concello Francisco Fernández Castro e o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte nove de maio do dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Bernardino Domínguez Alvarez**, solicitando acometida de auga na rúa Porta Nova de Arriba 2 baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 08-5-2017 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

-Escrito de don Brais Fidalgo en representación de Ribeiro en Común en relación á incoación de expediente para a restauración da legalidade urbanística de data 16 de maio de 2017 solicita:

-se reponha a legalidade urbanística por parte do Sr Alcalde , sen máis dilación e dacordo á normativa vixente.



-de persistir na infracción por parte da concesionaria , se abra expediente no concello de Ribadavia , dacordo á normativa vixente, e se proceda á cancelación da concesión de obra municipal das beirarrúas de Muñoz Calero.

A xunta de goberno local acorda comunicarlle que non hai escombros da obra municipal na parcela obxecto do expediente e se está a tramitar o preceptivo expediente de reposición da legalidade urbanística.

CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO

Visto o escrito presentado por **Don Manuel Soto González**, con domicilio na estrada de Filgueira nº 42, Francelos, no que solicita o cambio de titularidade de dereito funerario, sobre as sepulturas terrena núm. 80, socalco-primeiro centro, fila 4, actualmente o nome de Modesto Gonzalez Soto, tío do falecido, o seu nome, constando autorización dos restantes herdeiros a súa transmisión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a transmisión do dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura terrena núm. 80 socalco primeiro centro, fila 4, do cemiterio municipal, a nome de Don Manuel Soto González, que deberán cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.
3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemiterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemiterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemiterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.
5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Escrito de ADIF sobre mantemento e sinalización da carretera ou camiño que cruza o paso a nivel público situado no P.K. 75/240 da liña férrea Vigo-Monforte de Lemos , no termo municipal de Ribadavia . Se acorda solicitar informe ao respecto á Policía Local.

-Escrito de don Rafael García Losada en representación do partido político Adelante formulando petición sobre a xestión do Imposto sobre o Incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2017

Vista a convocatoria de subvencións a entidades deportivas 2017.

Visto o procedemento tramitado e a documentación presentada polos solicitantes.

Visto o informe técnico de baremación emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes, que incorporase como motivación ao presente acordo e copia do cal dáselle traslado aos interesados.

A Xunta de goberno, por unanimidade. acorda:

1 Prestar aprobación provisional a proposta de subvención ás entidades solicitantes do seguinte tenor literal:

Entidades	Proposta de subvención
1 Ribadavia Atlético	421,2€
2 I.D.Sarmientos	648 €
3 Club Marusia Ribadavia	1312,2 €
4 Club Mizukami Karate	842,4 €
5 Asoc.Dep. Cult Ribeiro	907,2€
6 Escola Balonman Ribadavia	1036,8€
7 Ribeiro Fútbol Club	1296 €
8 Agrupación Deportivo Natural	518,4€

2. Notificar a proposta de resolución aos interesados para que nun prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte á recepción formulen alegacións e presenten os documentos e xustificacións que ao seu dereito conviñan.

CONTRATO DE SERVICIOS DE MONTAXE E DESMONTAXE DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2016.-

Visto o prego de prescripcións técnicas elaborados en relación coa licitación de contratos menores de montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro 2017.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo os servicios referenciados, por un importe de 13.000 euros, IVE engadido.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 5.06.2017.
- Prego de prescripcións técnicas de data 5.06.2017.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. - Aprobar un gasto por importe de 13.000 € IVE incluído.
- 2.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas para a contratación do servizo de montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2017.
- 3.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de ditos servizos, relacionando o Sr. Alcalde de acordo coa proposta do Director da MIT as seguintes empresas a invitar: Saguay, Rotulaciones Miguelez e Construccions Rumajo 3 S.L..
- 4 Indicar que a valoración das ofertas se efectuará con arreglo aos criterios sinalados no prego polo Director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia que elevará proposta de adjudicación á Xunta de Goberno.

CONTRATO DE SERVICIOS DE LOXISTICA, LUZ E SON DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2017.-

Visto o prego de prescricións técnicas elaborados en relación coa licitación de contratos menores de loxística, luz e son da Mostra Internacional de Teatro 2017

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo os servizos referenciados, por un importe de 17.100 euros, IVE engadido.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 5.06.2017.
- Prego de prescricións técnicas de data 5.06.2017.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

- 1.- Aprobar un gasto por importe de 17.100 € IVE incluído.
- 2.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas para a contratación do servizo de loxística e luz e son da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2017.
- 3.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de ditos servizos. relacionando o Sr. Alcalde de acordo coa proposta do Director da MIT as seguintes empresas a invitar: Goyplason, Froq Eventos S.L. e Recurso Técnicos Artísticos.
- 4 Indicar que a valoración das ofertas se efectuará con arreglo aos criterios sinalados no prego polo Director da Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia que formulará proposta de adjudicación á Xunta de goberno local.

-CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Constatado un erro nos pregos remitidos ás empresas dado que remitiuse o texto anterior ás últimas modificacións efectuadas polo Consello Municipal de Deportes, afectando aos criterios de valoración.

Visto o artigo 155 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (2 A renuncia a celebración do contrato ou o desestimento só poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación. 4 O desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación , debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa, o desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de contratación), a xunta de goberno por unanimidade acorda:

1-Desistir do procedemento de contratación iniciado para o contrato administrativo de xestión de actividades físico-deportivas do Consello Municipal de Deportes.

2-Aprobar un gasto por importe de 25000 euros, IVE engadido con cargo ao orzamento vixente para a primeira anualidade. Nas seguintes anualidades a contratación queda sometida á existencia de crédito acaído e suficiente no orzamento do concello de Ribadavia.

3-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcions técnicas para a contratación coas modificacións introducidas no último Consello Municipal de Deportes.

4- Invitar ás mesmas empresas as que inicialmente se formulou a invitación co obxecto de que non sufran ningunha perda nas súas expectativas de dereitos como consecuencia dun erro administrativo que obviamente en nada lles resulta atribuíble.

TAXAS E CRITERIOS DE ADMISIÓN PARA A ESCOLA DE NATACIÓN.-

Tómase coñecemento de que continúan a ser os mesmos do ano pasado.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se producen.

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE